

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o concurso de traslados específico entre o persoal docente funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario e funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres , para cubrir prazas nos centros que imparten ensinanzas de educación de persoas adultas dependentes desta consellería*

Mediante a Orde do 17 de novembro de 2023 convocouse concurso de traslados específico entre o persoal docente funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario e funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres, para cubrir prazas nos centros que imparten ensinanzas de educación de persoas adultas dependentes desta consellería (DOG n.º 230, do 4 de decembro).

Consideradas as reclamacións e renuncias producidas na resolución provisional e de conformidade co establecido na base décimo sétima da dita Orde do 17 de novembro de 2023, esta dirección xeral

## RESOLVE

Primeiro. Adxudicar e facer publica, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), o destino con carácter definitivo, en virtude da provisión deste concurso de traslados, ao persoal docente *funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario e funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres* que se relaciona no anexo I desta resolución, nos centros específicos de educación e promoción de adultos que nel se especifican.

Segundo. Aprobar e facer publica, tanto no Diario Oficial de Galicia como na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)), a relación definitiva de persoas excluídas que consta no anexo II desta resolución, polas causas que se indican.

Terceiro. A toma de posesión dos destinos obtidos neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2024 e cesarán no seu destino de procedencia o 31 de agosto de 2024.

Cuarto. Contra esta resolución definitiva, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente, de acordo co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa





Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

INSÍRASE NO DOG

